

3.5. Medio ambiente e desenvolvemento sostible

A SITUACIÓN MEDIOAMBIENTAL É UN DOS ASPECTOS QUE HAI QUE TER EN CONTA Á HORA DE AVALIAR A CALIDADE DE VIDA DOS CIDADÁNS E O SEU BENESTAR SOCIAL. A propia Estratexia de Lisboa pon de releve a súa importancia ao considerar as medidas de protección do medio ambiente como un dos seus piares xunto aos crecemento económico e a cohesión social.

En novembro de 2007 aprobouse a Estrategia Española de Desarrollo Sostenible (EEDS), co obxectivo de aspirar a unha sociedade máis coherente no uso racional dos seus recursos, socialmente máis equitativa e cohesionada e territorialmente máis equilibrada. A Estratexia contempla tres dimensións interdependentes: sostibilidade ambiental, que analiza aspectos como o cambio climático, a conservación dos recursos naturais ou a ocupación do territorio; sostibilidade social, que abrangue a estabilidade no emprego, a integración social ou a saúde pública; e sostibilidade global, que considera o relacionado coa axuda ao desenvolvemento e as políticas de cooperación.

Tendo en conta que anteriormente se analizaron aspectos como a produción enerxética con fontes renovables, o emprego ou a saúde pública, este capítulo céntrase na dimensión medioambiental, presentando unha serie de indicadores relativos ao cambio climático, biodiversidade, á auga, aire, residuos sólidos e agricultura ecolóxica.

No eido do ámbito normativo cómpre salientar, xunto á devandita EEDS, a aprobación da Lei estatal 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, que “establece o réxime xurídico básico da conservación, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural e a biodiversidade” ou a Estrategia Española del Cambio Climático y Energía Limpia 2007–2012–2020.

No ámbito da comunidade autónoma de Galicia, destacan o Plan galego de acción fronte ao cambio climático 2008–2012, ou a Lei galega 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Emisións verificadas e asignacións de dereitos de emisión de gases de efecto invernadeiro en Galicia e España 2007: distribución segundo actividade

	Galicia			España		
	Asignación	Emisión	Instalacións	Asignación	Emisión	Instalacións
	(en millóns tn CO2)			(en millóns tn CO2)		
Xeración	8,6	14,2	4	84,4	102,6	85
Carbón	8,6	14,0	2	47,4	69,1	26
Ciclo combinado	-	-	1	26,4	21,4	27
Extrapeninsular	-	-	0	10,6	11,3	17
Fuel	-	0,1	1	-	0,7	10
Outros	-	-	-	0,0	0,0	5
Industria	2,6	2,2	27	71,0	65,9	603
Azulexos e baldosas	0,0	0,0	1	1,6	1,4	36
Cal	0,1	0,0	1	2,4	2,3	24
cemento	0,4	0,4	1	28,9	27,5	37
fritas	-	-	0	0,7	0,5	23
pasta e papel	0,1	0,1	3	5,7	4,7	115
refino de petróleo	1,7	1,5	1	15,7	15,1	13
sederúrxia	0,1	0,1	1	8,8	8,4	30
tellas e ladrillos	0,2	0,2	18	5,0	4,0	287
vidrio	0,0	0,0	1	2,3	2,0	38
Outra combustión	2,2	1,2	32	22,7	18,1	377
Total	13,4	17,7	63	178,1	186,6	1.065

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino

3.5.1.

Emisións contaminantes nas CC.AA. 2005-06. Número de substancias contaminantes e de complexos industriais

	Nº actividades / categorías industriais		Complexos industriais	
	2005	2006	2005	2006
Andalucía	27	29	387	404
Aragón	6	20	38	153
Asturias	18	18	29	30
Baleares	4	4	7	7
Canarias	6	8	19	26
Cantabria	21	23	30	33
Castela e León	22	nd	228	nd
Castela-A Mancha	17	18	85	86
Cataluña	33	37	504	566
C. Valenciana	20	20	146	161
Extremadura	13	11	46	24
Galicia	22	25	48	83
Madrid	18	16	43	38
Murcia	15	13	43	82
Navarra	19	17	97	67
Pais Vasco	34	33	121	119
Rioxa, A	4	3	7	4
Ceuta e Melilla	1	2	1	2
España	48	45	1.879	1.885

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, Registro estatal de emisiones y fuentes contaminantes

3.5.2.

Cambio climático

O fenómeno do cambio climático é, probablemente, un dos principais retos ambientais a escala global aos que se enfrontan actualmente os distintos gobernos. Para facer fronte a este problema, asinou o denominado protocolo de Kioto, que establece compromisos de redución das emisións dos gases de efecto invernadeiro, principal causa do cambio climático.

Dende o punto de vista normativo, cómpre salientar a elaboración do Plan galego de acción fronte ao cambio climático 2008-2012, que aborda dun xeito integral todo o conxunto de accións necesarias para afrontar o reto do fenómeno do cambio climático. O plan contempla catro programas: os de mitigación, o de avaliación de impactos e adaptación,

Plan galego de acción fronte ao cambio climático 2008–2012

O Plan ten por **obxectivo** abordar dun xeito integrado todo o conxunto medidas necesarias para afrontar os retos que suporá o fenómeno do cambio climático.

Para facer fronte a este reto, o Plan contempla catro tipos de **programas**:

- **Programa de mitigación:** Céntrase na redución de emisións de efecto invernadoiro. Tendo en conta que no ano 2005 as emisións difusas atribuíbles a Galicia representan o 6,56% da emisións totais de España nese ano, o obxectivo de redución no período de vixencia do Plan é de 12,25Mt CO₂ eq.

- **Programa de avaliación de impactos e adaptación:** A avaliación realízase a través do proxecto CLIGAL, que se estrutura en dúas fase: a recopilación de evidencias existentes do cambio climático e posteriormente, a xeración de escenarios rexionais e na avaliación dos impactos nos diferentes sistemas naturais de Galicia.

Co fin de orientar e servir de apoio ao proceso de adaptación, o Plan define como obxectivo a elaboración de guías de adaptación ao cambio climático para cada un dos sectores ou sistemas naturais máis relevantes.

- **Programa de observación e investigación:** O obxectivo é realizar un seguimento exhaustivo dos diferentes ecosistemas do que se derive a información científica de calidade que permita o deseño da mencionadas guías de adaptación en cada un dos sistemas naturais e sectores económicos de Galicia.

Entre as accións que contempla están a da creación dunha rede de observación ambiental, a modelización de sistemas e a investigación do cambio climático, que se articula en torno a tres eixes: investigación aplicada, contratos programa de investigación en cambio climático do Centro de Información e investigación ambiental de Galicia e a acción estratéxica de investigación sobre impactos e adaptación ao cambio climático.

- **Programa de educación, información e cooperación:** Contempla medidas destinadas a mellorar a comprensión do fenómeno do cambio climático e acadar unha axeitada valoración social do mesmo. Os seus piares estratéxicos fundamentais son os da educación ambiental, a información, a cooperación para o desenvolvemento e a participación.

o programa de observación e investigación, e, finalmente, o de educación, información e cooperación sobre cambio climático.

O **cadro 3.5.1.** reflicte os principais resultados obtidos ao longo do terceiro ano da aplicación da Lei 1/2005, de nove de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro. No ano 2007, o volume total de asignacións que cubren as 63 instalacións cuxas emisións foron inscritas foi de 13,4 millóns de toneladas de CO₂. Dado que as emisións ascenderon a 17,7 millóns de toneladas, o balance negativo foi de 4,3 millóns de toneladas de CO₂. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 5,9% das instalacións, mentres que a porcentaxe de asignacións e emisións foi do 7,5% e 9,5%, respectivamente.

En canto á cobertura da asignación, definida coma a relación entre asignacións e emisións verificadas, esta situouse en Galicia no 78,8%, case vinte puntos por baixo da media estatal. A cobertura de asignación do sector eléctrico galego foi do 60,5%, (82,3% no conxunto do Estado), fronte aos 115,2% dos sectores industriais (a media estatal foi do 107,5%) e o 179,9% de “outra combustión” (125,5% en España).

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.**
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Segundo os datos do Registro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes, en 2006 (último ano dispoñible) continúa incrementándose o número total de actividades contaminantes en Galicia, que pasa dos 22 contaminantes de 2005 aos 25 contaminantes do último ano (45 no conxunto do Estado). Xunto a este incremento hai que salientar, **cadro 3.5.2.**, a medra do número de centros ou complexos industriais contaminantes, que se sitúa nos 83 centros (48 centros no ano anterior), o que representa o 4,4% do total estatal.

Atendendo ao tipo de actividade, cómpre salientar que as instalacións de combustión de máis de 50 MW acollen o 73% das emisións ao aire, e que as refinerías de petróleo e gas emiten o 96% das emisións indirectas ao auga. En canto ás emisións directas á auga, case o 60% son emitidas polas industrias de fabricación de pasta de papel e un 16%, por matadoiros.

Biodiversidade

Á hora de analizar os indicadores ambientais da biodiversidade analízase tanto o impacto dos incendios forestais declarados en Galicia como os espazos naturais protexidos.

● Incendios forestais

Dada a importancia do medio rural galego para o desenvolvemento sostible de Galicia e a función social, ambiental e económica que o monte desempeña, é fácil comprender impacto negativo que para a política de desenvolvemento rural supoñen os incendios forestais.

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

En 2007 entrou en vigor a Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que establece as medidas preventivas que faciliten a loita contra o fogo e que sirva para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sostible do medio rural. Entre os seus obxectivos está o de actualizar o réxime xurídico da loita contra os incendios no medio rural, integrando no mesmo a prevención e a extinción, ademais da protección da poboación, infraestruturas e instalacións agrarias.

Asemade, cómpre salientar a creación da empresa pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (DOG 18/01/07), adscrita á Consellería de Medio Rural, para a realización de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos en materias forestais, especialmente as relacionadas coa prevención e loita contra os incendios forestais en particular e, en xeral, intervencións de carácter urxente relacionadas cos lumes forestais.

Ao longo do último ano, a superficie total afectada rexistrou unha diminución do 92,6% respecto da queimada no ano anterior. A superficie afectada polos 3.158 lumes declarados no último ano ascendeu, segundo os datos da Consellería de Medio Rural, a 7.051,1 hectáreas. Comparado cos datos correspondentes ao conxunto do Estado, o **cadro 3.5.3.** amosa que en Galicia se declararon o 28,9% dos lumes do conxunto do Estado e que acolleu menos do 9% da superficie total queimada en España en 2007.

Ao contrario do acontecido no ano anterior, a provincia de Ourense volta a ser a de maior número de incendios e de superficie forestal afectada. Nesta provincia declaráronse o 42,4% dos incendios (1.465 lumes), representando a superficie queimada o 67,3% da superficie arrasada en Galicia (4.745,6 hectáreas). En Pontevedra rexistráronse un total de 785 incendios, o que supón a cuarta parte dos incendios declarados en Galicia, mentres que a superficie afectada polos mesmos representa o 10% da superficie queimada en Galicia.

A superficie forestal arborada queimada volta, este ano 2007, a ser inferior á superficie queimada rasa. Tras a redución do 97,8% da superficie arborada queimada, esta situouse nas 1.191,8 hectáreas, o 16,9% da superficie forestal arrasada polo lume. A superficie correspondente a matorral e monte baixo reduciuse respecto ano anterior un 85,5%, acadando as 5.859,2 hectáreas.

Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia

Esta Lei establece no seu artigo 1 que o seu **obxecto** é defender os montes ou terreos forestais fronte aos incendios e protexer ás persoas e os bens afectados polos mesmos, promovendo a adopción dunha política activa de prevención coordinada de tódalas administracións públicas, baseada en:

- Actuar nos montes e áreas colindantes mediante os tratamentos adecuados da biomasa forestal
- Compatibilizar e regular os aproveitamentos e transformacións do monte e zonas agrarias colindantes coa finalidade de evitar os incendios.
- Establecer as condicións para a protección dos asentamentos rurais respecto aos incendios forestais, no marco dunha política integral de desenvolvemento rural.
- Regular as repoboacións forestais co propósito de ordenar silvicolamente as novas repoboacións nos perímetros dos asentamentos de poboación e de actuar en unidades de xestión sostibles e rendibles e que contén, entre outros criterios, coa apropiada planificación preventiva.
- Regular a redacción dos diferentes plans de prevención e defensa e a coordinación entre as distintas administracións

Con esta norma, a **planificación preventiva** pasa a ser un elemento estrutural fundamental do sistema de defensa contra os incendios no medio rural, identificando os obxectivos e recursos e traducíndose nun modelo activo, dinámico e integrado, encadrando nunha lóxica de medio e longo prazo os instrumentos dispoñibles. Os criterios básicos desta planificación son:

- Organizar a xestión de biomasa en zonas estratéxicas, especialmente aquelas declaradas de alto risco de incendio, unido á construción e mantemento de faixas exteriores de protección de zonas poboadas, o tratamento de áreas forestais nun esquema de intervención segundo modelos silvícolas previamente establecidos, no ámbito das dúas dimensións que se complementan, a defensa de persoas e bens e a defensa dos montes.
- Reforzar as estruturas de extinción e de prevención dos incendios forestais.
- Ampliar os esforzos de educación, sensibilización, divulgación e extensión agroforestal para a defensa do medio rural contra os incendios e para o uso correcto do lume nestes lugares.
- Reforzar a vixilancia e poñer couto á actividade criminal incendiaria mediante a colaboración veciñal, ademais de asegurar a eficacia na fiscalización e aplicación do réxime sancionador instituído.

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.**
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Incendios forestais en Galicia e España 2006-07: nº de sinistros e superficie forestal afectada

2006

	Nº incendios	superficie forestal afectada			superficie total
		arborada	matorral e monte baixo	resto	
		(en has.)			
A Coruña	2.387	22.066,2	14.672,0	-	36.738,1
Lugo	897	1.473,9	4.627,5	-	6.101,4
Ourense	1.613	4.118,1	8.044,1	-	12.162,2
Pontevedra	2.099	27.872,7	13.071,2	-	40.943,9
Total	6.996	55.530,8	40.414,7	-	95.945,5
España	16.355	69.339,7	70.634,6	8.852,6	148.826,9
Galicia / España (%)	42,8	80,1	57,2	-	64,5

2007

	Nº incendios	superficie forestal afectada			superficie total
		arborada	matorral e monte baixo	resto	
		(en has.)			
A Coruña	558	481,2	577,7	-	1.058,9
Lugo	350	117,8	419,8	-	537,6
Ourense	1.465	355,1	4.390,5	-	4.745,6
Pontevedra	785	237,7	471,3	-	709,0
Total	3.158	1.191,8	5.859,2	-	7.051,1
España	10.917	33.069,0	35.392,0	13.567,0	82.028,0
Galicia / España (%)	28,9	3,6	16,6	-	8,6

(1) Datos provisionais.

Fonte: Consellería do Medio Rural e Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino

3.5.3.

Incendios forestais en Galicia 2007: distribución mensual

	Número de lumes				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Xaneiro	3	1	10	5	19
Febreiro	2	3	4	1	10
Marzo	25	3	97	47	172
Abril	73	40	87	64	264
Maio	20	20	29	20	89
Xuño	12	13	11	25	61
Xullo	24	25	25	17	91
Agosto	60	48	122	58	288
Setembro	170	92	211	199	672
Outubro	65	44	195	171	475
Novembro	99	55	574	159	887
Decembro	5	6	100	19	130
Total	558	350	1.465	785	3.158

	Superficie forestal queimada				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Xaneiro	0,3	1,6	12,5	2,3	16,7
Febreiro	4,5	2,1	2,3	0,4	9,3
Marzo	11,3	0,2	212,7	22,3	246,4
Abril	85,4	91,0	276,1	15,7	468,1
Maio	22,8	36,2	45,7	12,9	117,6
Xuño	4,6	2,0	1,1	3,3	10,9
Xullo	10,9	11,6	32,3	3,0	57,7
Agosto	12,1	18,7	339,5	27,7	398,1
Setembro	746,0	228,5	534,0	91,9	1.600,4
Outubro	79,9	31,3	332,8	125,1	568,9
Novembro	75,0	84,5	2.737,2	365,9	3.262,7
Decembro	6,1	30,0	219,6	38,5	294,2
Total	1.058,9	537,6	4.745,6	709,0	7.051,1

Fonte: Consellería do Medio Rural

3.5.4.

Principais concellos galegos en canto ao número de lumes e superficie queimada 2007

		lumes		Superficie queimada			
			(%)	(en has.)	(%)		
1	Viana do Bolo	110	3,5	1	Candrexo de Queixa	815,0	11,6
2	Gudiña (A)	72	2,3	2	Viana do Bolo	788,9	11,2
3	Mezquita (A)	69	2,2	3	Carballeda de Valdeorras	546,0	7,7
4	Chandrexa de Queixa	67	2,1	4	Muros	535,6	7,6
5	Manzaneda	59	1,9	5	Veiga (A)	359,3	5,1
6	Monterrei	49	1,6	6	Mezquita (A)	277,4	3,9
7	Castro Caldelas	48	1,5	7	Muiños	237,9	3,4
8	Porriño (O)	48	1,5	8	Laza	230,2	3,3
9	Vilariño de Conso	41	1,3	9	Lama (A)	202,1	2,9
10	Pobra de Trives (A)	38	1,2	10	Entrimo	192,2	2,7
11	Carballeda de Valdeorras	37	1,2	11	Manzaneda	155,1	2,2
12	Muiños	35	1,1	12	Montederramo	118,6	1,7
13	Oimbra	34	1,1	13	Pantón	95,7	1,4
14	Riós	34	1,1	14	San Xoán de Río	94,0	1,3
15	Silleda	33	1,0	15	Castro Caldelas	84,6	1,2
16	Coruña	32	1,0	16	Riós	82,3	1,2
17	Palas de Rei	31	1,0	17	Gudiña (A)	75,7	1,1
18	Ourense	31	1,0	18	Ferrol	74,9	1,1
19	Lalín	30	0,9	19	Maceda	68,9	1,0
20	Salceda de Caselas	30	0,9	20	Baltar	66,8	0,9
21	Rodeiro	29	0,9	21	Lobios	58,0	0,8
22	Boiro	28	0,9	22	Pontecaldeas	55,0	0,8
23	Xinzo de Limia	28	0,9	23	Vilariño de Conso	54,6	0,8
24	Cañiza (A)	28	0,9	24	Cualedro	50,0	0,7
25	Laza	26	0,8	25	Calvos de Randín	47,8	0,7
10 primeiros concellos		601	19,0	10 primeiros concellos		4.184,7	59,3
25 primeiros concellos		1.067	33,8	25 primeiros concellos		5.366,8	76,1
Total Galicia		3.158	100	Total Galicia		7.051,1	100

Fonte: Consellería do Medio Rural, Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

3.5.5.

A estatística de distribución mensual dos incendios rexistrados na comunidade autónoma amosa a forte concentración dos mesmos no mes de novembro. Como se reflicte no **cadro 3.5.4.**, nese mes se declararon 887 lumes, o 28,1% dos incendios en Galicia, ascendendo a superficie total afectada por estes incendios a 3.262,7 hectáreas, o 46,3% da superficie queimada en 2007.

Xunto á devandita concentración dos lumes no que á temporalidade se refire, outra das principais características dos incendios en Galicia é a súa elevada concentración espacial. Dunha banda, e en termos do número de lumes declarados, esta mantense en niveis similares aos do ano anterior xa que os 25 concellos con maior número de incendios sufriron o 33,8% dos incendios do 2007 (27,9% no ano anterior). Se en lugar destes 25 concellos consideramos os dez con maior número de lumes, esta porcentaxe sería do 19% (13,2% en 2006).

Pola contra, se consideramos a superficie forestal queimada nos distintos concellos, o **cadro 3.5.5.** amosa que o 59,3% da superficie afectada corresponde tan só a 10 concellos galegos, sendo este peso relativo do 76,1% no caso dos 25 concellos con galegos con maior número de superficie arrasada polo lume. Comparado co ano anterior cómpre salientar o incremento da concentración xa que estas porcentaxes eran do 32,4% no caso dos 10 concellos con maior número de hectáreas queimadas e do 57,6% se se consideran os devanditos 25 concellos.

No que atinxe á análise da **causalidade** dos incendios forestais en Galicia, e como resultado das primeiras estimacións, o 69,7% dos lumes rexistrados no ano 2007 se cualificaron como intencionados. A superficie queimada por estes incendios en Galicia foi de 5.868,7 hectáreas, o que significa que o 83,2% das hectáreas queimadas o son por lumes intencionados. Comparado cos datos estatísticos do ano anterior cómpre salientar a diminución da importancia relativa da superficie queimada en un con oito puntos (85% en 2006), e o peso relativo do número de lumes intencionados descendeu case catro puntos (73,6% en 2006).

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.**
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Lumes e superficie media afectada 2007: distribución segundo causalidade

	Número de lumes		Superficie				Total	
		(%)	Arborada (en ha)	(%)	Rasa (en ha)	(%)	(en ha)	(%)
Provincia de A Coruña	558	100	481,2	100	577,7	100	1.058,9	100
Raio	2	0,4	0,0	0,0	0,1	0,0	0,1	0,0
Queima agrícola	28	5,0	16,2	3,4	15,6	2,7	31,8	3,0
Queima de pastos	1	0,2	-	-	0,1	0,0	0,1	0,0
Traballos forestais	10	1,8	2,9	0,6	4,2	0,7	7,2	0,7
Fogueiras	6	1,1	5,1	1,1	39,9	6,9	45,0	4,2
Fumadores	2	0,4	0,0	0,0	0,3	0,1	0,3	0,0
Escapes de vertedoiros	2	0,4	0,0	0,0	1,9	0,3	1,9	0,2
Queima de matogueira	9	1,6	1,6	0,3	0,4	0,1	2,0	0,2
Liñas eléctricas	6	1,1	1,5	0,3	2,4	0,4	3,9	0,4
Motores e máquinas	1	0,2	0,1	0,0	-	-	0,1	0,0
Outras negligencias	18	3,2	0,9	0,2	12,6	2,2	13,5	1,3
Intencionado	384	68,8	442,6	92,0	471,5	81,6	914,0	86,3
Causa descoñecida	76	13,6	9,0	1,9	21,9	3,8	30,9	2,9
Incendio reproducido	13	2,3	1,3	0,3	7,0	1,2	8,2	0,8
Provincia de Lugo	350	100	113,0	100	395,0	100	500,4	100
Sen especificar	1		5,0		25,0			
Raio	19	5,4	3,6	3,2	26,5	6,7	30,1	6,0
Queima agrícola	14	4,0	0,5	0,4	8,8	2,2	9,3	1,9
Queima de pastos	3	0,9	0,1	0,1	7,5	1,9		
Traballos forestais	5	1,4	2,3	2,0	6,7	1,7	9,0	1,8
Fogueiras	1	0,3	-	-	0,2	0,0	0,2	0,0
Queima de lixo	2	0,6	-	-	0,1	0,0	0,1	0,0
Escapes de vertedoiros	1	0,3	-	-	0,1	0,0	0,1	0,0
Queima de matogueira	5	1,4	0,7	0,6	14,7	3,7	15,3	3,1
Ferrocarril	2	0,6	7,3	6,5	87,3	22,1	94,6	18,9
Liñas eléctricas	8	2,3	1,0	0,9	0,7	0,2	1,7	0,3
Motores e máquinas	3	0,9	-	-	0,6	0,1	0,6	0,1
Outras negligencias	5	1,4	0,7	0,6	2,3	0,6	3,0	0,6
Intencionado	189	54,0	80,6	71,3	203,8	51,6	284,4	56,8
Causa descoñecida	83	23,7	15,4	13,6	35,4	9,0	50,8	10,1
Incendio reproducido	9	2,6	0,8	0,7	0,2	0,0	1,0	0,2
Provincia de Ourense	1.465	100	355,1	100	4.391,7	100	4.746,8	100
Raio	12	0,8	0,3	0,1	4,1	0,1	4,4	0,1
Queima agrícola	26	1,8	7,6	2,1	14,2	0,3	21,8	0,5
Queima de pastos	11	0,8	0,0	0,0	61,5	1,4	61,5	1,3
Traballos forestais	7	0,5	0,0	0,0	2,1	0,0	2,1	0,0
Fogueiras	11	0,8	1,8	0,5	7,8	0,2	9,7	0,2
Fumadores	3	0,2	0,3	0,1	0,3	0,0	0,6	0,0
Queima de lixo	4	0,3	-	-	0,0	0,0	0,0	0,0
Escapes de vertedoiros	2	0,1	-	-	1,1	0,0	1,1	0,0
Queima de matogueira	16	1,1	1,9	0,5	6,7	0,2	8,6	0,2
Ferrocarril	2	0,1	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Liñas eléctricas	7	0,5	0,5	0,1	6,1	0,1	6,6	0,1
Motores e máquinas	7	0,5	0,1	0,0	0,9	0,0	1,0	0,0
Outras negligencias	22	1,5	12,0	3,4	156,7	3,6	168,8	3,6
Intencionado	1.107	75,6	295,9	83,3	3.842,9	87,5	4.138,9	87,2
Causa descoñecida	204	13,9	34,0	9,6	245,8	5,6	279,9	5,9
Incendio reproducido	24	1,6	0,6	0,2	40,1	0,9	40,8	0,9
Provincia de Pontevedra	785	100	237,7	100	471,3	100	709,0	100
Raio	15	1,9	1,6	0,7	2,7	0,6	4,4	0,6
Queima agrícola	35	4,5	8,9	3,7	10,2	2,2	19,1	2,7
Queima de pastos	1	0,1	0,0	0,0	-	-	0,0	0,0
Traballos forestais	20	2,5	3,8	1,6	0,9	0,2	4,7	0,7
Fogueiras	16	2,0	52,6	22,1	6,1	1,3	58,7	8,3
Fumadores	1	0,1	-	-	0,0	0,0	0,0	0,0
Queima de lixo	1	0,1	-	-	0,2	0,0	0,2	0,0
Escapes de vertedoiros	5	0,6	0,1	0,0	1,9	0,4	2,0	0,3
Queima de matogueira	11	1,4	2,1	0,9	0,7	0,2	2,8	0,4
Liñas eléctricas	2	0,3	-	-	0,1	0,0	0,1	0,0
Motores e máquinas	1	0,1	0,1	0,0	-	-	0,1	0,0
Outras negligencias	7	0,9	0,4	0,2	0,4	0,1	0,9	0,1
Intencionado	523	66,6	138,8	58,4	392,7	83,3	531,4	75,0
Causa descoñecida	112	14,3	12,4	5,2	49,2	10,4	61,6	8,7
Incendio reproducido	35	4,5	17,0	7,2	6,0	1,3	23,0	3,2
Galicia	3.158	100	1.191,8	100	5.859,2	100	7.051,1	100
Sen especificar	1		5,0		25,0			
Raio	48	1,5	5,6	0,5	33,4	0,6	38,9	0,6
Queima agrícola	103	3,3	33,1	2,8	48,9	0,8	81,9	1,2
Queima de pastos	13	0,4	0,1	0,0	61,6	1,1	61,6	0,9
Traballos forestais	42	1,3	9,0	0,8	13,9	0,2	23,0	0,3
Fogueiras	34	1,1	59,5	5,0	54,0	0,9	113,5	1,6
Fumadores	6	0,2	0	0	1	0	1	0
Queima de lixo	7	0,2	-	-	0	0	0	0
Escapes de vertedoiros	10	0,3	0,1	0,0	5,0	0,1	5,1	0,1
Queima de matogueira	41	1,3	6,2	0,5	22,5	0,4	28,7	0,4
Ferrocarril	4	0,1	7	0,6	87	1,5	95	1,4
Liñas eléctricas	23	0,7	3,0	0,3	9,3	0,2	12,3	0,2
Motores e máquinas	12	0,4	0,3	0,0	1,4	0,0	1,7	0,0
Outras negligencias	52	1,6	14,1	1,2	172,0	2,9	186,0	2,6
Intencionado	2.203	69,8	957,8	80,4	4.910,8	83,8	5.868,7	83,2
Causa descoñecida	475	15,0	70,8	5,9	352,4	6,0	423,2	6,0
Incendio reproducido	81	2,6	19,7	1,7	53,3	0,9	73,0	1,0

Fonte: Consellería do Medio Rural, Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

**Superficie terrestre e espazos naturais protexidos en Galicia e España 2007:
distribución segundo figura de protección**

	España			Galicia		
	Espazos naturais	Superficie terrestre protexida (en ha.)	(%)	Espazos naturais	Superficie terrestre protexida (en ha.)	(%)
Figuras básicas da lei estatal 4/89						
Parques						
Parque Nacional	14	347.082	6,7	1	1.195	0,3
Parque Natural	155	3.626.842	70,1	6	40.662	9,3
Rerservas						
Reserva Natural	265	176.694	3,4			
Monumentos						
Monumento Natural	291	93.278	1,8	5	285	0,1
Paisaxe protexido	53	150.467	2,9			
Outras figuras						
PEIN	165	1.029.640	19,9			
Paraxe	33	124.447	2,4			
Sítio de interese	85	1.651	0,0	3	57	0,0
Área natural recreativa	2	459	0,0			
Corredor Ecolóxico e de biodiversidade	4	6.124	0,1			
Biotopo protexido	5	901	0,0			
Espazo natural en réxime protección preventiva	3	9.317	0,2			
Microrreserva	314	8.938	0,2			
Humidal protexido	5	7.749	0,1	5	7.749	1,8
Zona especial de conservación	4	16.742	0,3	69	388.226	88,6
Total	1.398	5.171.050	100	89	438.174	100

Fonte: Anuario Europarc-España del estado de los espacios naturales protegidos 2007

3.5.7.

Superficie protexida nas CC.AA. 2007

	Superficie autonómica		Superficie protexida				[1] / [2]
	[1]		terrestre [2]		mariña		
	(en ha.)	(%)	(en ha.)	(%)	(en ha.)	(%)	
Andalucía	8.726.800	17,3	1.643.532	31,8	53.282	21,3	18,8
Aragón	4.766.900	9,4	151.566	2,9	-	-	3,2
Asturias	1.056.500	2,1	227.114	4,4	-	-	21,5
Canarias	727.300	1,4	310.147	6,0	37.151	14,9	42,6
Cantabria	528.900	1,0	153.772	3,0	-	-	29,1
Castela e León	9.414.700	18,6	684.434	13,2	-	-	7,3
Castela-A Mancha	7.922.600	15,7	309.578	6,0	-	-	3,9
Cataluña	3.193.200	6,3	977.192	18,9	79.125	31,6	30,6
C. Valenciana	2.330.500	4,6	219.341	4,2	14.373	5,7	9,4
Extremadura	4.160.200	8,2	313.904	6,1	-	-	7,5
Galicia	2.943.400	5,8	349.440	6,8	40.139	16,1	11,9
Baleares	501.400	1,0	74.311	1,4	25.717	10,3	14,8
Madrid	802.790	1,6	110.523	2,1	-	-	13,8
Murcia	1.131.700	2,2	68.520	1,3	114	0,0	6,1
Navarra	1.042.100	2,1	89.985	1,7	-	-	8,6
País Vasco	736.100	1,5	102.235	2,0	183	0,1	13,9
A Ríoxa	503.400	1,0	166.485	3,2	-	-	33,1
Total	50.488.490	100	5.171.050	100	250.084	100	10,2

Fonte: Anuario Europarc-España del estado de los espacios naturales protegidos 2007

3.5.8.

Séguenlle en importancia, ao igual que en 2006, os lumes rexistrados por causas descoñecidas (15% dos lumes e o 6% da superficie total queimada) e os lumes por motivo de queimas agrícolas (3,3% dos lumes galegos e o 1,2% da superficie queimada).

● Os espazos naturais protexidos

A Lei 9/2001, de conservación da natureza, define aos espazos naturais protexidos como aqueles espazos que conteñan elementos ou sistemas naturais de particular valor, interese ou singularidade, tanto debidos á acción e evolución da natureza como derivados da actividade humana. A 31 de decembro de 2007, Galicia acolle ao 6,3% dos espazos protexidos declarados no conxunto do Estado e o 8,5% da superficie protexida. Os 89 espazos protexidos na comunidade autónoma galega abranguen unha superficie terrestre de 438.174 hectáreas, o que representa o 11,9% do territorio galego. A superficie mariña protexida elévase a 40.139 hectáreas, o 31% do total estatal (**cadros 3.5.7. e 3.5.8.**)

1.1.
1.2.
1.3.
1.4.
1.5.
1.6.
2.1.
2.2.
2.3.
3.1.
3.2.
3.3.
3.4.
3.5.
3.6.
4.1.
4.2.

Rede Natura 2000 nas CC.AA: Lugares de Importancia Comunitaria (LICs) e Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

	LICs			ZEPAs		
	Nº	Superficie total		Nº	Superficie total	
		(en ha)	(% territorio)		(en ha)	(% territorio)
Andalucía	195	2.622.652	28,7	62	1.572.369	17,6
Aragón	156	1.039.303	21,8	45	840.182	17,6
Asturias	49	304.046	26,7	12	239.237	20,8
Baleares	124	201.913	18,7	50	122.154	14,2
Canarias	177	461.741	36,5	28	278.154	35,2
Cantabria	21	137.556	25,7	8	78.810	14,8
Castela-A Mancha	72	1.565.220	19,7	38	1.573.729	19,8
Castela e León	120	1.890.597	20,6	70	1.998.353	21,2
